


## TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DO ERECTEION

**a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** o templo do Erecteion ou Erecteón é un edificio relixioso da arte grega realizado na Época clásica, no século V a. C., coñecido como "Século de Ouro" ou "Século de Pericles". Autor: probablemente Mnesicles. Localización: Acrópole de Atenas (Grecia). Material: mármore traído das canteiras do Pentélico. Orixinalmente estaba policromado.

**c.- Analiza e comenta a obra:** o templo é a construción fundamental da arquitectura grega. O Erecteion é un templo moi orixinal, distinto ao resto dos templos gregos: en realidade trátase dun conxunto de santuarios dedicados principalmente aos deuses Atenea (deusa da intelixencia, a guerra e a artesanía) e Poseidón (deus do mar), pero ademais a Zeus (deus supremo), ao rei Erecteo (un dos primeiros reis de Atenas, introduciu o culto a Atenea, fundou as Panateneas e foi enterrado no lugar onde logo se construíra o Erecteion) e a Cecrops (heroe mítico ateniense, atribuíaselle a construción do primeiro castelo de Atenas, era un ser metade home metade serpe). Tamén contaba cun altar dedicado ao deus Hefestos (deus dos ferreiros).


A súa planta é rectangular pero presenta elementos moi orixinais; en realidade estamos ante dous templos unidos:



- Un primeiro templo (1) dedicado a Atenea (orientado ao leste) que está precedido por seis esveltas columnas e detrás delas a naos dedicada a Atenea.
- Un segundo templo, dedicado a Poseidón, Erecteo e Cecrops (3, 4 e 5), ao que se accede polo Pórtico norte (2). Tamén conta co Pórtico Sur ou Tribuna das Cariátides (6), onde está situada a tumba de Cecrops. O Pórtico Norte é máis baixo que o sur: é tetrástilo (con catro columnas na fachada e dúas detrás das columnas das esquinas, sendo, polo tanto, un total de seis columnas) e de orde xó-



nica. O Pórtico Sur ou Tribuna das Cariátides é tetrástilo (coa mesma distribución que



o Pórtico Norte) pero as columnas foron substituídas por seis figuras femininas de gran beleza e naturalismo, tanto nos rostros como nos vestidos: son as cariátides. A histo-



ria das cariátides provén das mulleres de Caria, cidade aliada dos persas contra os gregos durante as Guerras Médicas que foron tomadas como escravas polos gregos por axudar aos persas durante o conflito. Neste pórtico, as seis cariátides representan á ninfa Pandrosia, filla de Cecrops. Pénsase que as cariátides foron realizadas por un discípulo do propio Fidias.

O templo levántase sobre escaleiras: os chanzos inferiores chámanse krepis ou estereóbata, e o superior, estilóbata. Os muros son de perpiaños unidos con grampas. As cubertas son arquitrabadas: os teitos no interior son alintelados e no exterior presenta un tellado a dúas augas, formando na parte dianteira e traseira un frontón triangular. Nas esquinas do tellado e nos tres ángulos dos frontóns colocábanse figuras de aspecto fantástico chamadas acroterios.



O Erecteion é un templo próstilo (só ten columnas na fachada principal) e hexástilo (seis columnas) na fachada principal; na fachada posterior é tetrástilo (catro columnas) con semicolumnas adosadas ao muro e con pilastras nas esquinas.

A orde arquitectónica é a xónica (EXPLICAR MIRANDO O COMENTARIO DE ATENEA NIKÉ): tiña relevos no friso.

O templo grego era só a residencia da divindade, non un lugar de oración dos fieis; as cerimoniais de culto en honor da divindade celebrábanse fóra do templo, de aí que o espazo interior non teña importancia: é unha arquitectura para ser contemplada desde o exterior. Se a isto lle engadimos que estaba feito a escala humana e no exterior estaba policromado con cores rechamantes (vermellas, azuis, douradas) e posuía diversa decoración, o templo invitaba ao espectador a rodealo como se fose unha escultura. Polo tanto, podemos afirmar que os templos gregos máis que arquitecturas son enormes esculturas.

Chama a atención que o Erecteion se sitúe sobre un terreo desnivelado: isto débese a cuestións relixiosas e míticas. Atenea loitou contra Poseidón polo dominio de Atenas; diante dun xurado Poseidón cravou o seu tridente na terra e fixo brotar unha fonte de auga salgada, Atenea

cravou a súa lanza na terra e fixo brotar unha oliveira: o triunfo foi para Atenea. Pensábase que onde se construíu o Erecteion era o lugar onde Poseidón cravara o seu tridente deixando o terreo desnivelado, polo tanto era un terreo sagrado e non podía nivelarse, ademais tiña que respectar a oliveira e a fonte que estaban situadas nese lugar.

